


NORMATIVA

Procedemento de designación dos responsables de área para a emisión de informes de recoñecemento e tramitación das solicitudes presentadas na Secretaría de Alumnos ao profesorado designado

Versión consolidada: 11 de novembro de 2010

Universidade de Vigo

 Facultade de
Ciencias Xurídicas
e do Traballo



PROCEDEMENTO DE DESIGNACIÓN DOS RESPONSABLES DE ÁREA PARA A EMISIÓN DE INFORMES DE RECOÑECIMENTO E TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS NA SECRETARÍA DE ALUMNOS AO PROFESORADO DESIGNADO

Aprobado na Xunta de Facultade celebrada o 11 de novembro de 2010

a) Nomeamento de profesores responsables. Para estudar as solicitudes de recoñecemento que se plantexen cada área deberá nomear un responsable para facer o informe técnico correspondente. As áreas terán que comunicar ao Decanato os nomeamentos e cambios dos responsables que poidan ter lugar.

b) Procedemento para realizar o trámite de recoñecemento polo profesorado designado. Presentada a solicitude na Secretaría de alumnos, desde alí poranse directamente en contacto co profesor asignado como responsable pola área concreta que será quen emita o informe. Para facelo o profesor respectivo pode pedir que se lle envíe a documentación precisa ou pasar pola Secretaría para teren acceso á mesma.